

HISTORIA DE VIDA

Oxalá meus pais me avisaran antes disto para non entrar na depresión da que tanto me custou saír. Cando meus pais se decidiron a contarme que o meu avó tiña unha enfermidade terminal, xa era tarde. O médico ao día seguinte xa nos avisou de que lle quedarían tan só un par de meses de vida. Esa información e a da morte do meu avó fixéronme entrar nunha depresión coa que tiven que lidar durante todo o Nadal e da que me custou tres meses saír. Tres meses onde todo o que pensaba era negativo, todo o que vía era negro, os meus ollos sempre estaban cargados de bágoas, pero con esforzo conseguín superalo. Grazas á miña enfermidade, aprendín a ser forte e a saber deixar atrás unha mala historia e poder continuar cunha boa.

Yara Burgo Martínez 3ºB